PARLAMENTO DE GALICIA

**EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 23/03/2021**

PARLAMENTO
DE GALICIA


3. Mocións. .......... 3
- 3.1 11/MOC-000031 (0012632) .......... 3
  - (0012632) Entrada da iniciativa .......... 4
  - (0013430) Emendas dos grupos parlamentarios .......... 5
- 3.2 11/MOC-000032 (0012705) .......... 7
  - (0012705) Entrada da iniciativa .......... 8
  - (0013417) Emendas dos grupos parlamentarios .......... 11
- 3.3 11/MOC-000033 (0012706) .......... 13
  - (0012706) Entrada da iniciativa .......... 14
  - (0013428) Emendas dos grupos parlamentarios .......... 16
  - (0013432) Emendas dos grupos parlamentarios .......... 19

4. Proposicións non de lei ante o pleno. .......... 21
- 4.1 11/PNP-000756 (0006665) .......... 21
  - (0006665) Entrada da iniciativa .......... 22
  - (0013429) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 25
  - (0013431) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 27
- 4.2 11/PNP-000855 (0008443) .......... 29
  - (0008443) Entrada da iniciativa .......... 30
  - (0013426) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 33
  - (0013433) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 35
- 4.3 11/PNP-001061 (0010803) .......... 37
  - (0010803) Entrada da iniciativa .......... 38
  - (0010961) Solicitude corrección erros .......... 40
  - (0013413) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 42
  - (0013427) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 44
- 4.4 11/PNP-001116 (0011302) .......... 46
  - (0011302) Entrada da iniciativa .......... 47
  - (0013436) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 50
- 4.5 11/PNP-001145 (0011701) .......... 51
  - (0011701) Entrada da iniciativa .......... 52
  - (0013441) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 56
- 4.6 11/PNP-001167 (0011912) .......... 58
  - (0011912) Entrada da iniciativa .......... 59
  - (0013412) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 65
  - (0013425) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 66

PARLAMENTO
DE GALICIA

## 3. MOCIÓNS.

### 3.1 11/MOC-000031 (0012632)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Marina Ortega Otero

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas persoas que se atopan en situación de soidade non desexada. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 11066, publicada no BOPG n.º 101, do 24.02.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.03.2021)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0012632) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 10:53:19
Nº Rexistro: 12632
Data envío: 12/03/2021 10:53:19.435

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 10 de marzo de 2020, sobre as políticas do Goberno galego en relación coas persoas que se atopan en situación de soidade non desexada (11/INT-000642, documento número 11066).

**Moción**

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Crear un Observatorio da Soidade en Galicia que conte cos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, axentes sociais implicados e universidades, para obter estudos e datos respecto á sociedade non desexada en Galicia

2. Elaborar un Plan Galego específico para abordar a soidade non desexada en Galicia en coordinación coa Administración local.

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 12/03/2021 10:52:27**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 12/03/2021 10:52:43**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO8ks0UF7RD6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

# (0013430) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:56:49
Nº Rexistro: 13430
Data envio: 22/03/2021 17:56:49.409

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **12632 (11/MOC-000031)**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas persoas que se atopan en situación de soidade non desexada. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 11066, publicada no BOPG n.º 101, do 24.02.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.03.2021), que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 23 de marzo de 2021.

**Emenda de substitución**

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

"1. Impulsar, no seo do Observatorio galego de dinamización demográfica, a creación dun grupo de traballo específico para abordar a soidade non desexada en Galiza co obxectivo de recompilar, analizar e difundir información en relación a este fenómeno así como formular propostas e recomendacións ao respecto.

2. Enviar á Cámara, á maior brevidade, a Estratexia Galega de Atención á Soidade non desexada para o seu debate e tramitación no Parlamento de acordo co previsto nos artigos 140 e 141 do Regulamento da Cámara."

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Viceportavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTROVcjOkrwz8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:56:49
**Nº Rexistro: 13430**
Data envio: 22/03/2021 17:56:49.409

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández  na data 22/03/2021 17:55:26**

**CSV:** REXISTROVcjjOkrwz8
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

**3.2 11/MOC-000032 (0012705)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ramón Fernández Alfonzo

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa crise económica e social que asola a comarca de Ferrol. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 11392, publicada no BOPG n.º 101, do 24.02.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.03.2021)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0012705) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12705
Data envio: 12/03/2021 16:18:34.174

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 10 de marzo, sobre a crise económica e social que asola a comarca de Ferrol (doc. núm **11932**, [**11/INT-000658**]).

**Moción**

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar un Plan para reactivar a comarca de Ferrol que contemple as seguintes medidas:

1. Para a rexeneración da Ría de Ferrol

-Finalización e posta en marcha das infraestruturas de depuración, concretamente do entronque da rede saneamento de Neda coa EDAR norte.

-Colaboración entre Xunta e goberno central para impulsar e financiar un Estudo Integral da Ría de Ferrol, no que deberá participar a Estación de Bioloxía Mariña da Graña pertencente á USC.

-Colaboración entre Xunta e goberno central para realizar e financiar os traballos que o Estudo Integral considere necesarios para a correcta rexeneración da Ría de Ferrol.

CSV: REXISTROvLzKD7bOn5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12705
Data envío: 12/03/2021 16:18:34.174

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Para a reactivación do sector naval na Ría de Ferrol

-Solicitar a entrada da Xunta de Galiza no Consello de Administración de Navantia, tal como se contempla no Estatuto de Autonomía de Galiza e na Lei de fomento do sector naval de Galiza.

-Constituír unha mesa de traballo conxuntamente co goberno do Estado, e as federacións sindicais con representación no sector, para a elaboración e posta en marcha dun plan para a diversificación e recuperación de actividades no centro de Navantia ría de Ferrol, no que se inclúan os seguintes aspectos:

-Impulsar un plan específico para recuperar a construción naval civil en Fene.

-Garantir a participación directa de Navantia ría de Ferrol e da Fábrica de turbinas nos proxectos da eólica mariña, e nomeadamente nos contratos de plataformas flotantes.

-Impulsar un plan específico para introducir Turbinas no sector das tecnoloxías para a descarbonización da mobilidade marítima.

-Construción de novas infraestruturas para obra nova e reparacións: talleres, diques, elementos de elevación, etc.

3. Para a reactivación e reindustrialización das Pontes

-Impulsar en colaboración co goberno do Estado o Convenio de transición xusta para a localidade de As Pontes, aproveitando os traballos realizados polo Concello para acelerar os prazos ao máximo.

CSV: REXISTRO-vLzKD7bOn5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12705
Data envío: 12/03/2021 16:18:34.174

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Promover proxectos de carácter industrial relacionados co sector enerxético que poidan manter a actividade da central, e combinalos con outros de nova implantación destinados á produción de hidróxeno, e ás tecnoloxías relacionadas co almacenamento da enerxía

-Procurar o financiamento de fondos *Next Generation* para a implantación destes proxectos, así como do Estado español, da Xunta de Galiza, e da propia ENDESA."

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
Deputado do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 12/03/2021 16:17:54**

**Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2021 16:18:04**

CSV: REXISTROvLzKD7bOn5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0013417) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:11:15
Nº Rexistro: 13417
Data envío: 22/03/2021 17:11:15.991

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa crise económica e social que asola a comarca de Ferrol (doc. núm. 12705).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 4, que terá o seguinte contido:

"4. Para a promoción económica e reindustrialización da comarca de Ferrolterra e as comarcas veciñas do Eume e Ortegal:

- Deseñar e desenvolver un plan de promoción e reactivación económica a medio e longo prazo das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal para compensar o impacto económico da pandemia e reactivar o tecido produtivo, incluíndo:

a) A diagnose das posibilidades e oportunidades de investimento nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal en sintonía co tecido empresarial, as posibilidades loxísticas e as necesidades do mercado, en cooperación e diálogo coas entidades representativas do empresariado, as propias empresas, os sindicatos, a universidade, as administracións locais e estatal e a sociedade civil.

b) A presentación de proxectos radicados nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal para optar aos fondos *Next Generation*".

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXISTRODD626YyPD9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:11:15
Nº Rexistro: 13417
Data envío: 22/03/2021 17:11:15.991

**Pablo Arangüena Fernández na data 22/03/2021 17:05:27**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 22/03/2021 17:05:50**

CSV: REXISTRODO626YyPD9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**3.3 11/MOC-000033 (0012706)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 9732, publicada no BOPG n.º 91, do 10.02.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.03.2021)

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0012706) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 17:12:20
Nº Rexistro: 12706
Data envío: 12/03/2021 17:12:20.737

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 9 e 10 de marzo do 2021, sobre a política do Goberno galego en materia de atención á saúde mental (11/INT-000569, documento número 9732).

**Moción**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver de maneira efectiva e real o Plan Galego de Saúde Mental comprometéndose, como mínimo, a:

a) Desenvolver un plan de contratación de persoal sanitario en saúde mental de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica, traballadores/as sociais, enfermeiras especialistas en saúde mental, técnicos auxiliares e terapeutas ocupacionais que implique a creación de 120 novas prazas antes da fin de 2021 e que se estenda para equiparar o volume de profesionais de saúde mental no Sergas á media estatal en todas as categorías de maneira efectiva ao inicio de 2024.

b) Poñer en funcionamento antes da fin de 2021 unha unidade de hospitalización infanto-xuvenil no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo como referencia para o sur de Galicia.

c) Dotar os medios axeitados para o inicio do funcionamento, en 2021, dunha unidade de psicoxeriatría na área sanitaria de Ourense.

d) Fixar unha comisión de seguimento que integre a representantes dos colexios oficiais implicados nos servizos de saúde mental, así como as asociacións máis representativas en saúde mental en profesionais e pacientes/familiares que avalíe, como mínimo anualmente, a evolución das medidas contempladas.

2. Promover a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental, posibilitando a existencia de primeiras consultas dun profesional deste equipo de

CSV: REXISTRO-tE0x1O058
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 17:12:20
Nº Rexistro: 12706
Data envío: 12/03/2021 17:12:20.737

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

referencia nos propios centros de saúde, a petición directa dos equipos de atención primaria e coa maior rapidez posible, cos medios humanos e materiais axeitados.

3. Asumir o informe do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura e levar a cabo todas as medidas e recomendacións que se indican para reverter os graves problemas sinalados nos vindeiros 6 meses, solicitando posteriormente unha nova avaliación ao propio MNP ou auditoría externa independente que valore o cumprimento e a situación do centro e das persoas alí ingresadas.

4. Iniciar o procedemento de incorporar ao Sergas os profesionais e servizos sanitarios de saúde mental que prestan os servizos dependentes das administracións locais, para ordenar a atención e que dependa do organismo competente en asistencia sanitaria que é a Administración autonómica.

Pazo do Parlamento, 12 de marzo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 12/03/2021 17:11:42**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 12/03/2021 17:11:50**

CSV: REXISTRO-fE0x1O058
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0013428) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:56:27
Nº Rexistro: 13428
Data envío: 22/03/2021 17:56:27.028

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **12706 (11/MOC-000033)**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 9732, publicada no BOPG n.º 91, do 10.02.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.03.2021), que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 23 de marzo de 2021.

**Emenda de adición**

Engadir no apartado b) do punto 1 o seguinte texto *in fine*:

"Creación no prazo dun ano de unidades hospitalarias de atención infanto-xuvenil en todas as áreas sanitarias."

**Emenda de adición**

Engadir no apartado d) do punto 1 despois de: "...integre a...", o seguinte texto: "organizacións sindicais representantes d@s traballadoras/es, con presenza na mesa sectorial,".

**Emenda de adición**

Engadir un novo apartado e) no punto 1 co seguinte texto:

CSV: REXISTROoG4lAKre04
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:56:27
Nº Rexistro: 13428
Data envío: 22/03/2021 17:56:27.028

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"e) Realizar unha modificación orzamentaria para destinar no ano 2021 unha contía mínima de 21 M€, e igual cantidade nos tres seguintes orzamentos, para investir os anunciados 84 millóns de euros para o *Plan de saúde mental pos COVID 19, 2020-2024*."

**Emenda de substitución**

Substituír o punto 2 polo seguinte texto:

"2. Promover a conexión entre os servizos de saúde mental e a Atención Primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental. Creación nos Centros de Saúde de Atención Primaria de prazas de psicólog@s clínic@s, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballador@s sociais... que permita a creación de equipas multidisciplinares e prestar unha atención integral."

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/03/2021 17:54:46**

CSV: REXISTROcG4AKre04
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:56:27
Nº Rexistro: 13428
Data envío: 22/03/2021 17:56:27.028

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 22/03/2021 17:54:57**

CSV: REXISTROcG4AKre04
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0013432) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 18:07:00
Nº Rexistro: 13432
Data envío: 22/03/2021 18:07:00.190

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada **Encarnación Amigo Díaz,** ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **12706 (11/MOC-000033)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 9732, publicada no BOPG n.º 91, do 10.02.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.03.2021).

**Emenda de substitución**:

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º.- Desenvolver de maneira efectiva o Plan Galego de Saúde Mental comprometéndose, como mínimo, a:

a) Desenvolver un plan de contratación de persoal sanitario en saúde mental de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica, traballadores/as sociais, enfermeiras especialistas en saúde mental, técnicos auxiliares e terapeutas ocupacionais que implique a creación de 120 novas prazas antes da fin de 2021 e que se estenda para equiparar o volume de profesionais de saúde mental no Sergas á media estatal en todas as categorías de maneira efectiva ao inicio de 2024.

b) Iniciar antes do remate de 2021 as obras da unidade de hospitalización infanto-xuvenil no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo como referencia para o sur de Galicia.

c) Dotar os medios axeitados para o inicio do funcionamento, en 2021, dunha unidade de psicoxeriatría na área sanitaria de Ourense.

d) Manter a sistemática de seguimento e avaliación establecida no propio plan e dar conta anualmente ao Parlamento de Galicia sobre a implantación do plan e o avance de cada proxecto.

CSV: REXISTRO9e6O2W72O5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 18:07:00
Nº Rexistro: 13432
Data envío: 22/03/2021 18:07:00.190

grupo parlamentario popular de galicia

2. Mellorar a conexión e coordinación entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, a través da figura do facultativo consultor, coa contratación de sete psicólogos clínicos, un por cada área sanitaria, tal e como establece o plan.

3. Asumir o informe do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura e levar a cabo todas as medidas e recomendacións que se indican para reverter os graves problemas sinalados nos vindeiros 6 meses, solicitando posteriormente unha nova avaliación ao propio MNP ou auditoría externa independente que valore o cumprimento e a situación do centro e das persoas alí ingresadas.

4. Establecer un diálogo coa Federación Galega de Municipios e Provincias para avaliar os mecanismos que permitan chegar a un acordo de integración progresiva no SERGAS dos servizos sanitarios de saúde mental que prestan os servizos dependentes das administración locais, para ordenar esta atención e que dependa do organismo competente en asistencia sanitaria, que é a administración autonómica.

Santiago de Compostela, 22 de marzo 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 22/03/2021 16:52:10**

**Pedro Puy Fraga na data 22/03/2021 16:52:34**

CSV: REXISTRO9e6O2W72O5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 4. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

### 4.1 11/PNP-000756 (0006665)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Marina Ortega Otero
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Pablo Arangüena Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Paloma Castro Rey

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a establecer facilidades para a recollida e aceptación do documento de instrucións previas, dando cumprimento ás vontades da Lei 5/2015, así como para realizar as actualizacións e adecuacións necesarias no sistema legal e sanitario de Galicia para acompasar os mecanismos públicos aos avances sociais xerados a partir da aprobación da Lei orgánica de regulación da eutanasia no Congreso dos Deputados e garantir a posibilidade de exercer ese dereito en Galicia en plenitude de condicións

PARLAMENTO DE GALICIA

(0006665) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2020 18:02:00
Nº Rexistro: 6665
Data envío: 18/12/2020 18:02:00.762

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero**, **Pablo Arangüena Fernández** e **Paloma Castro Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

**Exposición de motivos**

O dereito a escoller o modo de poñer fin á vida é un exercicio persoal de liberdade inigualable, concibido dende o maior respecto á vida propia que pode existir: decidir como debe terminar. Respectar esta vontade é, en definitiva, o espírito que debe guiar as decisións e accións que se deben tomar, e a isto veñen estando encamiñados os progresos legais, normativos e sociais que se veñen dando. Son lentos, pero deben ser sólidos.

O Congreso dos Deputados vén de regular os dereitos das persoas ante o proceso de final da vida, a través da Lei Orgánica de regulación da eutanasia, aprobada o 17 de decembro deste 2020 cun gran apoio parlamentario. Esta lei, que continúa agora o seu trámite a través do Senado, será previsiblemente apoiada e aprobada definitivamente en pouco tempo. Este avance foi recibido por unha boa parte da sociedade como un avance social, que reflicte un sentir maioritario, como veñen amosando todos os estudos sociolóxicos dende hai tempo no noso país.

En 2015 aprobábase no Parlamento de Galicia a Lei 5/2015 do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais. Esta lei daba pasos importantes no recoñecemento das persoas a ter dereitos ao final da súa vida, entre eles o dereito a morrer dignamente. Para seguir avanzando neste proceso, dita lei, en consonancia con outras normativas, promovía o dereito das e dos pacientes a explicitar vontades sobre posibles situacións futuras nas que terían desexo de marcar algunhas decisións con documentos de instrucións previas ante situacións irreversibles provocadas por danos de saúde.

Mais unha cuestión elemental para poder exercer os dereitos pasa porque se cumpran os avances recoñecidos nas leis. A Asociación polo Dereito a Morrer Dignamente (Asociación DMD), así como persoas e colectivos que se aliñan na mesma reivindicación, veñen advertindo hai tempo que existen moitos problemas efectivos para rexistrar os chamados "documentos de instrucións previas", ou "documento de vontades anticipadas" que son o eixo do exercicio do dereito a

CSV: REXISTRO7ib41jJYO9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2020 18:02:00
Nº Rexistro: 6665
Data envío: 18/12/2020 18:02:00.762

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

decidir sobre o final da vida recoñecido na Lei 5/2015. Non en vano Galicia está entre as comunidades autónomas de España que menor rexistro de documentos notifica, aínda existindo máis intentos de rexistro dos que finalmente se recollen. É constatable que, aínda que o recoñecemento desta posibilidade existe no plano legal non o é de maneira completa no plano real, e un dereito que non pode ser exercido é un dereito errado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Estender as facilidades para a recollida e aceptación do documento de instrucións previas coa habilitación de recepción, baixo as condicións de garantías actuais, por parte do médico/a de familia responsable do/a paciente en cuestión.

2. Abrir a posibilidade de, en diálogo coas entidades implicadas, mellorar o documento estandarizado de instrucións previas, habilitando a posibilidade de modificalo para ser máis explícito e facilitador das decisións no caso de ter que ser aplicado.

3. Realizar as actualizacións e adecuacións necesarias no sistema legal e sanitario de Galicia para acompasar os mecanismos públicos aos avances sociais xerados a partir da aprobación da Lei Orgánica de regulación da eutanasia no Congreso dos Deputados, garantindo a posibilidade de exercer ese dereito en Galicia en plenitude de condicións.

Pazo do Parlamento, 18 de decembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: REXISTRO7ib41jJYO9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

grupo socialista
Parlamento de Galicia
PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2020 18:02:00
Nº Rexistro: 6665
Data envío: 18/12/2020 18:02:00.762

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela  na data 18/12/2020 17:56:23**

**Marina Ortega Otero  na data 18/12/2020 17:56:30**

**Pablo Arangüena Fernández  na data 18/12/2020 17:56:38**

**Paloma Castro Rey  na data 18/12/2020 17:56:50**

**Gonzalo Caballero Míguez  na data 18/12/2020 17:57:03**

**CSV**: REXISTRO7ib41jjYO9
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0013429) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:56:37
Nº Rexistro: 13429
Data envío: 22/03/2021 17:56:37.790

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **6665 (11/PNP-000756)**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a establecer facilidades para a recollida e aceptación do documento de instrucións previas, dando cumprimento ás vontades da Lei 5/2015, así como para realizar as actualizacións e adecuacións necesarias no sistema legal e sanitario de Galicia para acompasar os mecanismos públicos aos avances sociais xerados a partir da aprobación da Lei orgánica de regulación da eutanasia no Congreso dos Deputados e garantir a posibilidade de exercer ese dereito en Galicia en plenitude de condicións, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 23 de marzo de 2021.

**Emenda de adición**

Engadir un novo punto 4 co seguinte texto:

"4. Realizar de inmediato as accións precisas para o cumprimento do establecido na Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais na súa Disposición adicional única. Difusión e promoción da lei: *A Xunta de Galicia, no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, levará a cabo as actuacións precisas tanto para darlle difusión a esta lei entre as e os profesionais e as cidadás e os cidadáns galegos*

CSV: REXISTROLvHahpMzD5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:56:37
Nº Rexistro: 13429
Data envío: 22/03/2021 17:56:37.790

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*como para promover entre a poboación a realización do documento de instrucións previas.*"

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/03/2021 17:55:11**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/03/2021 17:55:14**

CSV: REXISTROLvHahpMzD5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0013431) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 18:06:45
Nº Rexistro: 13431
Data envío: 22/03/2021 18:06:45.489

grupo parlamentario popular de galicia

**A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada **Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **6665 (11/PNP-000756)** sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a establecer facilidades para a recollida e aceptación do documento de instrucións previas, dando cumprimento ás vontades da Lei 5/2015, así como para realizar as actualizacións e adecuacións necesarias no sistema legal e sanitario de Galicia para acompasar os mecanismos públicos aos avances sociais xerados a partir da aprobación da Lei orgánica de regulación da eutanasia no Congreso dos Deputados e garantir a posibilidade de exercer ese dereito en Galicia en plenitude de condicións.

**Emenda de substitución**

Débese substituír o texto da parte resolutiva da Proposición non de Lei, polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á:

1. Estender as facilitades para a recollida e aceptación do documento de instrucións previas coa habilitación de recepción, baixo as condicións de garantías actuais, por parte do persoal dos centros sanitarios.

2. Abrir a posibilidade de, en diálogo coas entidades implicadas, mellorar o documento estandarizado de instrucións previas, habilitando a posibilidade de modificalo para ser máis explícito e facilitador das decisións no caso de ter que ser aplicado.

3. Continuar coa aplicación da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, incorporando progresivamente calquera avance científico que colabore na prevención e alivio da dor e o sufrimento dos enfermos terminais, evitando a obstinación terapéutica e procurando a ortotanasia ou boa morte do paciente.



CSV: REXISTROMIKeERtiO8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 18:06:45
Nº Rexistro: 13431
Data envío: 22/03/2021 18:06:45.489

grupo parlamentario popular de galicia

4. Dirixirse ao Goberno central para solicitarlle que constitúa un grupo de traballo multidisciplinar sobre a aplicación da Lei Orgánica de regulación da eutanasia, no que participen polo menos as sociedades científicas (especialmente as vinculadas aos coidados paliativos), o Comité de Bioética de España e o Consejo General de Colegios Médicos de España, entidades todas elas coas que non se contou na fase de elaboración desta Lei, para tratar todas as cuestións que suscita a súa entrada en vigor e permitir que a súa aplicación se faga con plenitude de garantías no sistema legal e sanitario."

Santiago de Compostela, 22 de marzo 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 22/03/2021 17:25:19**

**Pedro Puy Fraga na data 22/03/2021 17:25:34**

CSV: REXISTROMiKeERtiO8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

**4.2 11/PNP-000855 (0008443)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Leticia Gallego Sanromán
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Martín Seco García
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Juan Carlos Francisco Rivera
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de rescate e axilización da tramitación das axudas para o sector da hostalería

PARLAMENTO DE GALICIA

(0008443) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2021 13:14:35
Nº Rexistro: 8443
Data envío: 19/01/2021 13:14:35.610

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García**, **Juan Carlos Francisco Rivera** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

**Exposición de motivos**

Desde o punto de vista económico, a crise sanitaria provocada pola covid-19 a bo seguro suporá unha das grandes crises da nosa historia máis recente. Un dos sectores máis prexudicados é, sen dúbida, o da hostalería, concretamente, restauración, hospedaxe e ocio nocturno cunha forte incidencia no PIB, e gravemente afectado polas restricións sanitarias determinadas por causa da pandemia.

O Executivo autonómico ten que poñer en marcha medidas máis efectivas que as axudas que sacou para a hostalería. Estas axudas non están salvando a este sector da crise económica tan profunda pola que están pasando.

Segundo os datos publicados o 21 de decembro polo Instituto Galego de Estatística (IGE). A peor rama polos efectos da pandemia é a hostalería. Coincidindo cos primeiros brotes graves de covid-19, a facturación de bares, restaurantes e hoteis caeu un 42 %. O recorte entre xaneiro e outubro supera o 45 %. Sete de cada dez empregos perdidos en Galicia durante o 2020 estaban en bares, restaurantes e aloxamentos. En Galicia no último ano a caída de traballadores en alta foi do 1,7 %, con 16.855 ocupados menos. Deles 12.091 correspondían á hostalería, segundo os datos que acaba de publicar o IGE. O sector destruíu en decembro outros 1.325 postos de traballo e acumula no ano unha redución do emprego do 16 %.

Estes datos confirman que a pandemia está destruíndo a maioría dos empregos no sector da hostalería. Os evidentes efectos da redución de aforos e horarios, a contención dos gastos por parte das familias e o medo ao contacto social leva á hostalería a estar nunha situación límite, por iso desde o grupo parlamentario socialista demandamos á Xunta de Galicia a elaborar un plan de rescate o antes posible para este sector. Así o está reclamando desde fai varias semanas á hostalaría de toda Galicia.

CSV: REXISTRO-hJe72YY1x5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2021 13:14:35
Nº Rexistro: 8443
Data envío: 19/01/2021 13:14:35.610

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

O sector rexistrou unha caída da facturación do 70 % con respecto á campaña de Nadal do 2019-2020. As perdas no mes de decembro para a hostalería oscilaron entre os 15 e os 18 millóns.

O Goberno autonómico ten que elaborar un plan de rescate serio para salvar á hostalería galega, non pode seguir demorando este rescate e debe facelo con axudas potentes e con recursos suficientes, xa que ten capacidade orzamentaria e non pode seguir obviando os grandes problemas económicos polos que está a pasar este sector. A Xunta de Galicia ten que aumentar o orzamento para este ano, e así este sector poda salvar a súa liquidez.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un plan de rescate para o sector da hostalería para garantir a súa supervivencia na nosa Comunidade Autónoma.
2. Axilizar a tramitación das axudas para o sector da hostalería

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 19/01/2021 13:07:21**

**Martín Seco García na data 19/01/2021 13:07:28**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/01/2021 13:07:39**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTROnJe72YY1x5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2021 13:14:35
Nº Rexistro: 8443
Data envío: 19/01/2021 13:14:35.610

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2021 13:07:48**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2021 13:07:58**

CSV: REXISTROhJe72YY1x5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0013426) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:56:00
Nº Rexistro: 13426
Data envío: 22/03/2021 17:56:00.980

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **8443 (11/PNP-000855)**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de rescate e axilización da tramitación das axudas para o sector da hostalería, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 23 de marzo de 2021.

**Emenda de substitución**

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar un auténtico plan de rescate específico para o sector da hostalaría para garantir a súa supervivencia no noso país e, así mesmo, axilizar a tramitación das axudas articuladas polo goberno galego para o sector da hostalaría.

2. Consensuar cunha representación ampla e plural do sector da hostalaría os criterios de reparto propios que a Xunta de Galiza pode establecer (dentro dos parámetros xerais establecidos polo Goberno do Estado) en relación aos fondos que vaian destinados ao sector, e que Galiza percibirá ao abeiro do Real Decreto-lei de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial.

CSV: REXISTROQUCH9BU3h7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:56:00
**Nº Rexistro: 13426**
Data envío: 22/03/2021 17:56:00.980

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Demandar do Goberno do Estado que se concrete e axilice a transferencia dos fondos que Galiza recibirá ao abeiro do Real Decreto-lei de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial."

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**
Deputado do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 22/03/2021 17:53:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/03/2021 17:53:38**

CSV: REXISTROQUCH9BU3h7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

# (0013433) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 18:11:04
Nº Rexistro: 13433
Data envío: 22/03/2021 18:11:04.893

grupo parlamentario popular de galicia

**A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **Borja Verea Fraiz** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **8443 (11/PNP-000855)** sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de rescate e axilización da tramitación das axudas para o sector da hostalería

**Emenda de substitución**

Débese substituír o texto da parte resolutiva da Proposición non de Lei, polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.-Solicitar do Goberno Central que antes de finais deste mes de abril se asine o convenio coa Xunta de Galicia para a transferencia dos fondos derivados do *Real Decreto-lei 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial na pandemia da COVID-19* para unha maior axilidade e eficiencia das axudas.

2.-Solicitar do Goberno do Estado que non penalice na distribución dos fondos á Comunidade Autónoma de Galicia, achegando, conforme ao sistema de financiación autonómica e á porcentaxe de persoas traballadoras autónomas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, un mínimo de 340 millóns de euros.

3.-Solicitar do Goberno do Estado que amplíe os CNAES previstos no *Real Decreto-lei 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial na pandemia da COVID-19* a outras actividades non incluidas e que pertecen a sectores moi afectados polo impacto da covid-19.

4.-Solicitar do Goberno do Estado que reconsidere os requisitos de xustificación de gasto previstos no *Real Decreto-lei 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial na pandemia da COVID-19* por tratarse dunha norma que regula axudas directas ás empresas e aos profesionais."

Santiago de Compostela 22 de marzo de 2021

**CSV:** REXISTROkVTru78KY9
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 18:11:04
Nº Rexistro: 13433
Data envío: 22/03/2021 18:11:04.893

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Borja Verea Fraiz na data 22/03/2021 18:07:01**

**Pedro Puy Fraga na data 22/03/2021 18:07:22**

**CSV**: REXISTROkVTru78KY9
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

**4.3 11/PNP-001061 (0010803)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Manuel Rey Varela
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Borja Verea Fraiz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Antonio Armada Pérez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Ovidio Rodeiro Tato
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Sanz Arias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0010803) Entrada da iniciativa

grupo parlamentario popular de galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 FEB. 2021
Núm. 12803

**A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, José Manuel Rey Varela, Borja Verea Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno.**

**Exposición de motivos**

Os estaleiros de NAVANTIA na ría de Ferrol e os seus traballadores están a sufrir un abandono manifesto por parte do Goberno do Estado.

O PGE de 2018 contemplaban unha partida orzamentaria de 250 millóns de euros para iniciar os traballos dos cinco buques que integran o programa das Fragatas F-110, que se construirán nos estaleiros públicos da ría de Ferrol, que deberían dar ocupación a 7000 traballadores durante os próximos anos.

Esta partida que non foi executada polo Goberno socialista nin en 2018, nin en 2019, nin no que vai deste ano 2020. E polas súas recentes declaracións, tampouco o farán en 2021. As previsións do Goberno, expresadas en sede parlamentaria nas últimas semanas, sitúan no ano 2022 o inicio do proceso de construción do primeiro dos buques.

Estes retrasos prodúcense xusto no momento no que os estaleiros da ría de Ferrol ultiman a construción do segundo dos buques AOS para a Armada de Australia, que finalizarán nos próximos meses.

Teñen lugar despois de que o Goberno socialista perdera o contrato para a construción de 10 fragatas para a armada dos Estados Unidos, unha oportunidade que supoñía máis de 5000M€.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO
DE GALICIA

grupo
parlamentario
popular de galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 FEB. 2021
Núm. 10803

E tamén despois de que o Ministerio de Defensa contradiga ao PSdG-PSOE encargando un buque BAM no estaleiro de Navantia en Puerto Real por un importe de 167 millóns de euros, o que dotará ao estaleiro andaluz de máis dun millón de horas de carga de traballo.

O Parlamento de Galicia aprobou o pasado mes de setembro, a instancias do Grupo Popular, unha iniciativa solicitando ao goberno galego que demandara do Goberno de España carga de traballo para os estaleiros ferroláns que permitan ocupar á plantilla de Navantia Fene-Ferrol e á industria auxiliar, así como o desenvolvemento dos investimentos necesarios para dispor dun Estaleiro 4.0

A ausencia de carga de traballo do complexo industrial de Navantia sume na incerteza e incrementa a precariedade laboral e económica nos diferentes concellos da comarca de Ferrolterra, ao tempo que pon de manifesto as incoherencias (con distintos posicionamentos políticos dende o mesmo partido político na comarca, na nosa comunidade autónoma ou a nivel estatal) e a ausencia de palabra das persoas que a día de hoxe desempeñan altas responsabilidades no Executivo central, onde fan xusto o contrario do que prometían cando exercían labores de oposición.

Por iso o Grupo Parlamentario Popular de Galicia considera necesario que a Cámara fixe un posicionamento no mes de decembro, na medida en que persiste a inacción do Goberno central en relación co futuro do estaleiro Navantia. Continúa sendo preciso reclamar, dende todas as institucións e as diferentes administración, que resulta imprescindible dotar de carga de traballo ao estaleiro e asegurar por tanto o futuro de toda unha comarca.

Polo todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado a encargar aos estaleiros de Navantia en Ferrol a construción dun BAM (Buque de Acción Marítima) para a Armada Española, que permita dotar de carga de traballo inmediata á ría de Ferrol, tanto para a plantilla principal como para a industria auxiliar".

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA

(0010961) Solicitude corrección erros

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10961
Data envío: 15/02/2021 14:00:18.052

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, solicita que se inclúan as sinaturas que de seguido relacionamos nos documentos cos seguintes números de rexistro: 10803, 10804, 10805, 10806, 10807, 10808, 10809, 10810, 10811, 10812, 10813, 10814, 10815, 10816, 10817, 10818, 10819, 10820, 10821, 10822, 10823, 10824

- Miguel Ángel Tellado Filgueira,
- Diego Calvo Pouso
- Jose Manuel Rey Varela
- Borja Verea Fraiz
- Jose Antonio Armada Pérez
- Marta Nóvoa Iglesias
- Ovidio Rodeiro Tato
- Cristina Sanz Árias
- Sandra Vázquez Domínguez

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

CSV: REXISTROQtc2TDay6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2021 16:30:00
**Nº Rexistro: 10961**
Data envío: 15/02/2021 14:00:18.052

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 15/02/2021 13:50:24**

**Diego Calvo Pouso na data 15/02/2021 13:50:31**

**José Manuel Rey Varela na data 15/02/2021 13:51:13**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/02/2021 13:51:37**

**Borja Verea Fraiz na data 15/02/2021 13:51:56**

**José Antonio Armada Pérez na data 15/02/2021 13:52:34**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 15/02/2021 13:53:55**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 15/02/2021 13:54:19**

**Cristina Sanz Arias na data 15/02/2021 13:54:43**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 15/02/2021 13:55:01**

**CSV:** REXISTROQtc2TDayj6
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA

(0013413) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:10:10
Nº Rexistro: 13413
Data envío: 22/03/2021 17:10:10.787

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol (doc. núm. 10803).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Solicitarlle ao Goberno de España:

   a) A dotación de carga de traballo inmediata para os estaleiros de Navantia en Ferrol tanto para o cadro de persoal principal como para a industria auxiliar.

   b) Desenvolver ao 100 % o Plan industrial pactado e o proxecto de estaleiro 4.0 para as instalacións do estaleiro ferrolá.

2. Utilizar as competencias da autonomía en economía, industria e formación para:

   a) Elaborar un plan de reactivación económica das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, con graves problemas de desindustrialización.

   b) Participar máis activamente no desenvolvemento do Estaleiro 4.0 de Ferrol, que inclúa proxectos para a captación de fondos europeos no estaleiro ferrolán.

   c) Levar a cabo un plan formativo para os traballadores da industria auxiliar do sector co fin de garantir a súa competitividade e unha continuidade na actividade dunha man de obra altamente capacitada.

CSV: REXISTROAthV79ebG6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:10:10
Nº Rexistro: 13413
Data envío: 22/03/2021 17:10:10.787

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

d) Elaborar un plan de captación de actividades industriais ligadas á industria eólico-mariña, que poida englobar outros sectores que sexan estratéxicos para a comarca, de tal xeito que se aproveiten as instalacións portuarias, as comunicacións e o solo industrial.

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 22/03/2021 17:07:18**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 22/03/2021 17:07:36**

CSV: REXISTROAthV79ebG6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

# (0013427) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:56:11
Nº Rexistro: 13427
Data envio: 22/03/2021 17:56:11.446

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **10803 (11/PNP-001061)**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 23 de marzo de 2021.

**Emenda de adición**

Engadir o seguinte texto na parte resolutiva:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza, en relación coa carga de traballo en Navantia ría de Ferrol, a esixir do Goberno do Estado:

1. A paralización inmediata do plan da dirección de Navantia para ceder as instalacións de Fene á empresa privada Windar.

2. Garantías de que os proxectos de eólica mariña flotante nos que participe Navantia, se realizarán no centro de Fene.

3. Que manteña a participación maioritaria de Navantia na UTE con Windar, ou calquera outra empresa, para garantir un retorno económico axeitado, a posición actual neste mercado, así como o control sobre a subcontratación de empresas, e máis sobre as condicións laborais.

CSV: REXISTROTRbwrm8OO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:56:11
Nº Rexistro: 13427
Data envío: 22/03/2021 17:56:11.446

bng
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. A adxudicación, e execución inmediata, dos traballos de transformación do buque GALICIA, do Ministerio de defensa, a Navantia ría de Ferrol."

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
Deputado do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 22/03/2021 17:54:16**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/03/2021 17:54:29**

CSV: REXISTROTRbwm8OO7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**4.4 11/PNP-001116 (0011302)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Mercedes Queixas Zas
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Rosana Pérez Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Sobre a demanda do Goberno galego dun plan estratéxico de recuperación e impulso da actividade comercial do porto da Coruña, a licitación polo Goberno central da conexión ferroviaria ao porto exterior de Langosteira, así como a xestión da condonación da débeda ou solución análoga

PARLAMENTO DE GALICIA

(0011302) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2021 12:51:41
Nº Rexistro: 11302
Data envío: 18/02/2021 12:51:41.643

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á demanda dun plan estratéxico para o porto da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O porto da Coruña está inmerso nunha regresión económica continuada sen precedentes durante a última década.

Algúns dos factores que explican o desolador balance son: a acusada diminución de tráficos sen excepción, o abandono do importante tráfico de contedores, dependencia das descargas de petróleo e carbón, así como a aposta polo tráfico de cruceiros xunto á ausencia de diversificación e captación de novos mercados (como si fixeron portos próximos como Vigo, Ferrol ou Leixoes).

Razóns que constatan a redución da participación do porto da Coruña no conxunto dos portos do Estado; mentres que os tráficos portuarios coruñeses decrecen nun -11,5%, en España aumentan nun +20,7%.

Unha situación que denota a falta de capacidade de atracción para un porto que está en condicións de continuar a ser un importante motor económico para a



CSV: REXISTROqZ7VYmOyD6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2021 12:51:41
Nº Rexistro: 11302
Data envío: 18/02/2021 12:51:41.643

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cidade a comarca se atende a unha xestión diferente que atenda as necesidades actuais e de futuro, corrixindo os erros do plan de actuación que o trouxeron até aquí.

O porto da Coruña, como porto de interese do Estado, require un plan estratéxico que contribúa a se recuperar como un emprazamento óptimo para acoller unha ampla diversidade de escalas e tráfico comercial nacional e internacional.

Neste sentido, urxe recuperar o índice de conectividade do porto da Coruña con outros recintos para dinamizar os tráficos, nomeadamente o emerxente de contedores, captar novos fluxos de mercadorías, ser base de operacións e facilitar a súa dimensión internacional.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a demandar con urxencia, desde a súa representación no Consello de administración da Autoridade Portuaria da Coruña, un plan estratéxico de recuperación e impulso da actividade comercial do porto da Coruña.

Asemade, insta a Xunta de Galiza a esixir do Estado a licitación inmediata da conexión ferroviaria ao porto exterior de Langosteira e xestionar a condonación da débeda ou solución análoga."



CSV: REXISTROqZ7VYmOyD6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2021 12:51:41
Nº Rexistro: 11302
Data envío: 18/02/2021 12:51:41.643

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
**Rosana Pérez Fernández**
Deputadas do G.P. do BNG
**Luis Bará Torres**
Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 18/02/2021 12:42:13**

**Rosana Pérez Fernández na data 18/02/2021 12:42:25**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 12:42:33**

CSV: REXISTROqZ7VYmOyD6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

## (0013436) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 18:20:49
Nº Rexistro: 13436
Data envío: 22/03/2021 18:20:49.797

grupo parlamentario popular de galicia

**A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **Diego Calvo Pouso** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **11302 (11/PNP-001116)** sobre a demanda do Goberno galego dun plan estratéxico de recuperación e impulso da actividade comercial do porto da Coruña, a licitación polo Goberno central da conexión ferroviaria ao porto exterior de Langosteira, así como a xestión da condonación da débeda ou solución análoga.

**Emenda de substitución**

Débese substituír o texto da parte resolutiva da Proposición non de Lei, polo que segue a continuación:

"O Parlamento insta á Xunta de Galicia a demandar ante o Goberno de España:

1.- O compromiso firme do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana de incluír a conexión ferroviaria ao porto exterior de Langosteira na próxima convocatoria (mes de maio) dos fondos *Next Generation*.

2.- A condonación da débeda do Porto da Coruña ou a concesión dunha axuda equivalente ao seu importe.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Diego Calvo Pouso na data 22/03/2021 18:07:49**

**Pedro Puy Fraga na data 22/03/2021 18:08:00**

CSV: REXISTROiu010xw6Q8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA

**4.5 11/PNP-001145 (0011701)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Guadalupe Murillo Solís
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Sol Díaz Mouteira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Manuel Rey Varela
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Borja Verea Fraiz

Sobre a actuación da Xunta de Galicia para dirixirse ao Goberno de España para promover as modificacións oportunas na lexislación estatal co obxecto de reducir o tipo impositivo do imposto sobre o valor engadido do 21 % ao 10 % en todas as prestacións de servizos deportivos e de actividade física prestados a persoas físicas que non estean xa exentos conforme a normativa en vigor

PARLAMENTO DE GALICIA

(0011701) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 11701
Data envío: 24/02/2021 14:02:40.880

grupo parlamentario popular de galicia

**A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Guadalupe Murillo Solís, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, José Manuel Rey Varela** e **Borja Verea Fraiz,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

**Exposición de motivos**

As evidencias médicas e científicas coinciden na importancia da práctica regular de actividade física no obxecto de mellorar a saúde, a calidade de vida e o benestar da cidadanía. Tanto no relativo á prevención de enfermidades crónicas non transmisibles como poden ser as cardiovasculares, determinados tipos de cancro ou a diabetes, como polos seus efectos positivos para o desenvolvemento da saúde mental e os procesos cognitivos, ou para a propia socialización dos individuos, o deporte e a actividade física son elementos determinantes na consecución de estilos de vida activos e saudables para a poboación, o que directamente incide tamén no sostemento dos sistemas sanitarios.

A importancia do fenómeno deportivo e a súa conexión coa saúde dos cidadáns atópase consagrada en todas as lexislacións comparadas do entorno nacional e europeo, nas institucións comunitarias e na propia Constitución española, onde se contén un mandato xeral aos poderes públicos para o seu fomento (artigo 43.3), o que sen dúbida ven derivado da súa estreita vinculación coa saúde, á que se refire o propio apartado 1 do mesmo artigo 43.

En Galicia, a Lei do deporte, Lei 3/2012, do 2 de abril, establece como a nosa Comunidade Autónoma recoñece as especiais funcións que o deporte desempeña na sociedade, en especial e entre outros ámbitos, na mellora da saúde pública, razón pola que o deporte é considerado de interese público: artigo 2.

A crise epidemiolóxica provocada pola actual pandemia da Covid-19 supuxo un impacto sen precedentes en moitas actividades produtivas e de servizos con motivo das medidas adoptadas para a prevención da expansión da pandemia.
Un dos ámbitos especialmente afectados é o do sector dos servizos relacionados co deporte e a actividade física. Peches prolongados, suspensións e limitacións de actividades e aforos, ou investimentos extraordinarios para o establecemento das medidas de prevención impostas, a actual situación do sector atópase marcada por importantes reducións de facturacións e por unha destacada perda de usuarios e

CSV: REXISTROdmbsn1Xys9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 11701
Data envío: 24/02/2021 14:02:40.880

grupo
parlamentario
popular de galicia

abonados, o que seriamente pon en risco a permanencia da actividade e a estabilidade do sector, dos seus traballadores e familias.

Identificando economicamente o sector e axentes deportivos, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística, en 2018, a industria do deporte xerou en España de maneira directa unha actividade económica de 15.768 millóns de euros de produción e 195.027 postos de traballo, a través de máis de 37.231 empresas. Esta actividade económica xerada directamente pola industria equivale ao 1,3% do PIB nacional e a súa achega ao emprego ascende ao 1% da poboación ocupada en España. Incluídos nestas magnitudes, atópase a facturación dos ximnasios, que alcanzou os 662 millóns de euros e, en termos de emprego, os 27.495 empregados.

Pola súa parte o Estudio de Avaliación do Impacto da pandemia da Covid-19 sobre o Ecosistema do Deporte en España, elaborado polo Observatorio da Fundación España Activa coa colaboración da Asociación do Deporte Español (ADESP) e do Consello Superior de Deportes (CSD), estima que os axentes do ecosistema do deporte en España sufrirán unhas perdas do 38,5% da súa cifra de negocio no exercicio de 2020. En termos de emprego, apuntase que o 35% dos axentes do deporte realizara, o ían facelo, un expediente de regulación de emprego pola Covid-19, o que afectaría ao 73,5% do persoal en nómina a comezos dese ano 2020.

As actuacións adoptadas polas autoridades para a prevención e contención da pandemia viñeron acompasadas por medidas de distinta índole dirixidas a establecer prestacións e axudas por cese de actividade e reducións de facturación nos negocios con motivo da Covid-19.

Trátanse en definitiva de medidas encamiñadas a apoiar a empresas e autónomos, aos fogares, ao emprego e ao tecido produtivo, e tanto para a fase de contención da pandemia como para o momento de recuperación económica e social unha vez superada a crise sanitaria, momento este ademais non exento aínda de certa incertidumbre no que respecta a súa intensidade e duración.

Neste obxectivo, e entre outras medidas, o Goberno galego ven de anunciar para o sector que nos ocupa, como o segundo Plan de rescate da Xunta de Galicia, dotado con 75 millóns de euros, que se suman aos 86,2 do primeiro plan, incluirá tamén axudas específicas para o sector dos ximnasios.

Concorrendo evidentes razóns de interese social, principalmente sanitarias pero tamén económicas dada a magnitude do sector, compre seguir afondando no establecemento de incentivos que fortalezan as bases para a recuperación desta parte importante da nosa economía e emprego, e elo sobre fórmulas coherentes coas que acadar unha recuperación forte e sostible.

CSV: REXISTROdmbsn1Xys9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 11701
Data envío: 24/02/2021 14:02:40.880

grupo parlamentario popular de galicia

Entre estes incentivos que veñan a apuntalar a recuperación, cabe salientar a redución do tipo impositivo do Imposto sobre o Valor Engadido naquelas prestacións de servizos deportivos que non estean xa suxeitas a exención, art. 20.1.13º da Lei do Imposto sobre o Valor Engadido, lei 37/1992, de 28 de decembro, ou ao tipo reducido do 10%, art. 91. Uno.2.8º da mesma norma.

En base ao sinalado, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para promover as modificacións oportunas na lexislación estatal co obxecto de reducir o tipo impositivo do Imposto sobre o Valor Engadido do 21% ao 10% en todas as prestación de servizos deportivos e de actividade física prestados a persoas físicas que no estean xa exentos conforme a normativa en vigor".

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2021

CSV: REXISTROdmbsn1Xys9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 11701
Data envío: 24/02/2021 14:02:40.880

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 24/02/2021 13:59:03**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 24/02/2021 13:59:28**

**Paula Prado del Río na data 24/02/2021 13:59:55**

**María Sol Díaz Mouteira na data 24/02/2021 14:00:14**

**José Alberto Pazos Couñago na data 24/02/2021 14:00:29**

**José Manuel Rey Varela na data 24/02/2021 14:00:43**

**Borja Verea Fraiz na data 24/02/2021 14:01:02**

CSV: REXISTROdmbsn1Xys9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0013441) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 18:22:18
Nº Rexistro: 13441
Data envío: 22/03/2021 18:22:18.707

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a actuación da Xunta de Galicia para dirixirse ao Goberno de España para promover as modificacións oportunas na lexislación estatal co obxecto de reducir o tipo impositivo do imposto sobre o valor engadido do 21 % ao 10 % en todas as prestacións de servizos deportivos e de actividade física prestados a persoas físicas que non estean xa exentos conforme a normativa en vigor (doc. núm. 11701).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que no marco dunha declaración de Estado de alarma como consecuencia dunha emerxencia sanitaria, e sempre que as circunstancias sanitarias o aconsellen:

1º) Recoñecer a Actividade Física e o Deporte como "Actividade Esencial" por ser e ter un claro beneficio para a saúde das persoas que o practican, facendo fincapé na súa esencia dende o contexto da pandemia sanitaria da Covid-19, dentro do marco da declaración da actividade física e o deporte como unha cuestión de interese xeral.

2º) Adoptar as medidas necesarias para garantir a protección e continuidade dos servizos profesionais prestados no ámbito da práctica da actividade física e deportiva e dirixidos ao conxunto da sociedade.

3º) Garantir ás persoas que requiran unha especial atención, por razón de idade, capacidade física ou psíquica, ou patoloxías, que continúen recibindo os servizos de exercicio físico prestados por persoal con cualificación en actividade física e deporte.

4º) Expedir certificados para a práctica físico-deportiva supervisada por persoal con cualificación en exercicio físico e deporte, para os casos nos que sexa necesario acreditar o desprazamento das persoas que practiquen a actividade física e deporte.

CSV: REXISTROwpm2AJzKm7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 18:22:18
Nº Rexistro: 13441
Data envío: 22/03/2021 18:22:18.707

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

5º) Promover campañas de sensibilización para combater o sedentarismo e os riscos para a saúde da inactividade física.

6º) Incluír o sector deportivo nos plans e accións, incluídos os de axudas directas, habilitados para paliar as consecuencias económicas derivadas da paralización ou diminución da actividade.

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/03/2021 18:19:28**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 22/03/2021 18:19:48**

CSV: REXISTROwpm2AJzKm7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**4.6 11/PNP-001167 (0011912)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Pontón Mondelo
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Manuel Antonio Lourenzo Sobral
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María del Carmen Aira Díaz
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Iria Carreira Pazos
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Daniel Castro García
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ramón Fernández Alfonzo
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Alexandra Fernández Gómez
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María González Albert
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María do Carme González Iglesias
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Rosana Pérez Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Daniel Pérez López
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Mercedes Queixas Zas
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Paulo Ríos Santomé
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Rivas Cruz
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos riscos que presenta para a saúde das persoas e o ambiente o estado das instalacións de Ence en Lourizán. (Procedemento de urxencia)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0011912) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:53:36
Nº Rexistro: 11912
Data envio: 01/03/2021 10:53:36.252

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre os riscos da situación da empresa ENCE en Lourizán.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego adopte medidas inmediatas para garantir a seguridade da poboación diante da alarma social provocada pola gravidade das declaracións do conselleiro delegado de ENCE nas que alerta sobre a situación das instalacións da empresa en Lourizán, sobre os riscos medioambientais e para as persoas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



CSV: REXISTRO3c74bEcTF7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:53:36
Nº Rexistro: 11912
Data envío: 01/03/2021 10:53:36.252

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O conselleiro delegado da empresa ENCE afirmou nun vídeo que na fábrica de Pontevedra "con esa caldeira de recuperación inestable podemos ter un susto en calquera momento, que pode afectar ademais ás persoas".

Estas palabras foron pronunciadas nun contexto no que estaba a falar da non execución dos investimentos previstos pola empresa no seu Plan estratéxico, o que estaría a provocar un deterioro das instalacións e riscos medioambientais e para as persoas.

O obxectivo último destas graves declaracións era crear un clima de presión diante do goberno central en relación coa tramitación da lei de cambio climático, pois o conselleiro delegado de ENCE recoñece que tivo até sete reunións co secretario de Estado para forzar o cambio na redacción do artigo 18 do proxecto de lei, actualmente en trámite parlamentario.

Para o BNG estas declaracións son dunha gravidade extrema. En primeiro lugar pola alarma que xeran a respecto do estado das instalacións da fábrica e os riscos que isto supón para o medio e as persoas. En segundo termo, porque poderían estar poñendo de manifesto a non realización deliberada dos investimentos previstos, o que podería derivar en graves responsabilidades. En terceiro lugar, porque poñen de manifesto unha campaña de presións en todos os ámbitos para forzar a permanencia de ENCE na ría.

O goberno galego non pode permanecer impasíbel diante desta situación: debe dar explicacións á cidadanía e debe facelo coa máxima urxencia, a través dunha comparecencia pública e tamén no parlamento galego. E ademais debe tomar todas as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas e do medio, pois foi nada máis e nada menos que o máximo responsábel de ENCE quen alertou sobre os riscos e sustos que pode provocar o deterioro das instalacións da fábrica.

CSV: REXISTRO3c74bEcTF7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:53:36
Nº Rexistro: 11912
Data envío: 01/03/2021 10:53:36.252

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, o goberno galego debe ter unha postura de cumprimento estrito da lei e non colaborar na campaña de presións e chantaxes que está a levar a cabo a empresa pasteira para blindar a súa permanencia en Lourizán, mesmo pasando por riba dos procedementos democráticos e da lei.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Realizar de maneira urxente unha inspección das instalacións da empresa ENCE en Lourizán certificando o bo funcionamento da caldeira de recuperación e a ausencia de riscos para as persoas e o medio.

2. Tomar todas as medidas necesarias no seu ámbito de competencias en relación coa fábrica de ENCE en Lourizán para protexer o medio e a saúde das persoas."

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
**Olalla Rodil Fernández**
**Manuel Antonio Lourenzo Sobral**
**Mª Carmen Aira Díaz**
**Luis Bará Torres**

CSV: REXISTRO3c74bEcTF7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:53:36
Nº Rexistro: 11912
Data envío: 01/03/2021 10:53:36.252

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iria Carreira Pazos**
**Daniel Castro García**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Alexandra Fernández Gómez**
**María González Albert**
**Mª Carme González Iglesias**
**Rosana Pérez Fernández**
**Daniel Pérez López**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Mercedes Queixas Zas**
**Paulo Ríos Santomé**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/03/2021 10:48:13**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 01/03/2021 10:48:28**

**Mercedes Queixas Zas na data 01/03/2021 10:48:35**

**Rosana Pérez Fernández na data 01/03/2021 10:48:42**

CSV: REXISTRO3c74bEcTF7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:53:36
Nº Rexistro: 11912
Data envío: 01/03/2021 10:53:36.252

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo  na data 01/03/2021 10:48:50**

**Daniel Pérez López  na data 01/03/2021 10:48:58**

**Iria Carreira Pazos na data 01/03/2021 10:49:07**

**Olalla Rodil Fernández  na data 01/03/2021 10:49:18**

**Daniel Castro García  na data 01/03/2021 10:49:26**

**María del Carmen Aira Díaz  na data 01/03/2021 10:49:34**

**Noa Presas Bergantiños  na data 01/03/2021 10:49:42**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro  na data 01/03/2021 10:49:50**

**María González Albert  na data 01/03/2021 10:49:58**

**Xosé Luis Bará Torres  na data 01/03/2021 10:50:05**

**María Montserrat Prado Cores  na data 01/03/2021 10:50:14**

**Alexandra Fernández Gómez  na data 01/03/2021 10:50:21**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral  na data 01/03/2021 10:50:30**

**María do Carme González Iglesias na data 01/03/2021 10:50:38**



CSV: REXISTRO3c74bEcTF7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:53:36
Nº Rexistro: 11912
Data envío: 01/03/2021 10:53:36.252

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Paulo Ríos Santomé na data 01/03/2021 10:50:45**

CSV: REXISTRO3c74bEcTF7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0013412) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 16:42:58
Nº Rexistro: 13412
Data envío: 22/03/2021 16:42:58.966

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da deputada **Paloma Castro Rey,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos riscos que presenta para a saúde das persoas e o ambiente o estado das instalacións de Ence en Lourizán (11/PNP-001167, doc. núm. 11912)

**Emenda de adición**

Débese engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

"2 *bis*. Impulsar a constitución dunha mesa de diálogo na que se atopen todas as administracións implicadas, a empresa e os representantes dos traballadores e traballadoras co fin de acadar un acordo sobre o futuro de Ence en Galicia."

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 22/03/2021 16:19:12**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 22/03/2021 16:19:19**

CSV: REXISTRO3ugFx4xEf8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0013425) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:55:49
Nº Rexistro: 13425
Data envío: 22/03/2021 17:55:49.296

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **11912 (11/PNP-001167)**, do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos riscos que presenta para a saúde das persoas e o ambiente o estado das instalacións de Ence en Lourizán, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 23 de marzo de 2021.

**Emenda de adición**

Engadir dous novos puntos co seguinte texto:

"3. Traballar xunto co goberno do Estado e a empresa para o traslado da factoría de ENCE da ría de Pontevedra, como única forma de manter a súa viabilidade e garantir os postos de traballo.

4. Defender diante do goberno central a modificación do artigo 18.4 do anteproxecto da lei de costas, actualmente en trámite parlamentar, coa engádega do seguinte texto:

*"Quedarán exceptuados do establecido neste apartado os títulos de ocupación do dominio público-marítimo terrestre vinculados ao desenvolvemento de actividades de acuicultura, depuración de marisco,*

CSV: REXISTROaXKlhKao3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:55:49
Nº Rexistro: 13425
Data envío: 22/03/2021 17:55:49.296

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*conserveiras e calquera outra relacionada co sector mar-industria que teña carácter sustentábel".*"

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2021 17:52:51**

CSV: REXISTROaXrKlhKao3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/